

Texto: **PHILIP PULLMAN**
 Tradución: **FERNANDO MOREIRAS**
 Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernado en cartón. Narrativa K
 272 páxinas. 15x19,5 cm.
 ISBN 978-84-96957-52-7

Prezo: 16 €

O COITELO SUTIL

Extrañas desaparicións. Unha nena especial. Un segredo desvelado. Unha arriscada misión de rescate. Marabillosos enxeños. Mundos paralelos. Aliados e inimigos... Trala publicación de "A aurora boreal", neste segundo volume da triloxía "A materia escura" Lyra e Will viaxan de mundo en mundo e descubren un segredo: un obxecto de poder extraordinario e devastador. Pouco a pouco achegaranse a ameazas cada vez maiores e á sorprendente verdade dos seus destinos...

A Will agárdalle unha grande aventura; dende que fuxiu tras acabar cun home que buscaba información sobre o seu pai desaparecido, ocorrenlle feitos sorprendentes: entrou nunha dimensión descoñecida, onde coñece a Lyra. Ambos loitarán para acadar un obxectivo común, pero non será nada doado porque o mundo de Cittàgaze está cheo de perigos. Alí agárdaos un obxecto misterioso e que ten moito poder, polo que moitos darían calquera cousa.

Tralos galardóns que obtivo o primeiro volume da saga, "O coitelo sutil" seguiu colleitando boa acollida por parte dos lectores e da crítica. Así, recibiu o premio 'Parent's Choice Gold Book Award', o premio da Asociación de Bibliotecarios Americanos ao Mellor Libro Xuvenil e o premio 'Publisher's Weekly Best Book of the Year', entre outros.


Novas e poderosas forzas entran en acción nesta outra entrega de Philip Pullman, que constrúe para os lectores unha emocionante rede de historias que se mesturan no tempo e no espazo con gran dinamismo e orixinalidade argumental; por iso "A materia escura" converteuse nunha obra de referencia en todo o mundo grazas á mestría e á imaxinación rebordante do seu creador.

A súa primeira parte estaba ambientada na época victoriana, onde mandaban os férreos corsés da moral e das crenzas; a presente aventura transcorre no mundo actual coñecido. Persiste a rebeldía dos protagonistas, a reflexión en torno a elementos de calado filosófico, a curiosidade científica e as dúbidas existenciais que cuestionan as convencións establecidas. A loita entre o ben e o mal, o afán de coñecemento e a valentía son a chave para que mozos e adultos compartan este interesante desafío.

A tradución de Fernando Moreiras destaca polo seu esmero na recollida de dialectalismos e pola variedade de rexistros que quedan plasmados nesta apaixonante lectura, á que lle seguirá o terceiro título, "O anteollo de ámbar".

PHILIP PULLMAN (Norwich, Gran Bretaña, 1946)

Estudou Literatura na Universidade de Oxford. Impartiu clases no Westminster College antes de adicarse exclusivamente á narrativa. A súa produción, traducida a varias linguas, inclúe novelas históricas, libros xuvenís contemporáneos, relatos fantásticos para o público infantil, contos... "A materia escura" situouse no terceiro posto da enquisa 'The Big Read', que organizou en 2003 a cadea BBC para coñecer os gustos literarios dos británicos. Pullman foi distinguido en 2005 co premio Memorial Astrid Lindgren. Tamén se lle concedeu o Premio de Literatura Infantil Guardian, o 'Smarties Award', o 'Elinor Farjeon Award' e en 2001 o Premio Whitbread ao libro do ano pola terceira parte desta triloxía.



- **Temática:** novela fantástica de aventuras
- **Idade:** dende 12 anos
- **Aspectos destacables:** segundo volume da triloxía "A materia escura"; introdución a conceptos filosóficos e científicos; emoción e perigo; viaxe imaxinaria a unha dimensión descoñecida.